



BUEU

Mariñeiros, monxes viticultores e furanchos


De Ardán a Cela estamos no territorio da uva Tinta Femia, como se lle coñece nesta zona ao cañío tinto. A fama dos tintos de Cela xa vén de antigo, así como a dos brancos do Hío. Cela é viñedos explotados de xeito tradicional, xeración tras xeración, producións pequenas e familiares para o consumo local na casa e en tabernas e furanchos que conservan antigos lagares de pedra. Aquí faise cada ano a Festa do Tinta Femia, para honrar estes viños e manter viva a tradición vitivinícola propia de Cela. Ata os retablos da súa igrexa de Santa María están decorados con barrocas columnas salomónicas de dourados acios de uvas. O adro da igrexa de Santa María de Cela ofrece, sobre Bueu, unha das vistas máis fermosas da ría de Pontevedra que se podan albiscar.

Bueu é unha fermosa vila mariñeira que ben merece un paseo polo seu porto, unha visita á lonxa de pescado, á restaurada carpintería de ribeira na Banda do río e un baño nalgunha das súas numerosas praias (Lapamán, Porto Maior, Agrelo, Petís, Mourisca, Lagos, Tulla...), ademais da súa oferta gastronómica, que nunca podemos perder de vista.

A visita ao Museo Massó é imprescindible para coñecer a tradición mariñeira destas terras, así como a historia da caza tradicional de baleas e dos antigos portos baleeiros do Morrazo. Non hai mellor xeito de achegarse ao carácter destes viños que coñecer o carácter mariñeiro das terras que o producen.

Gastronomía

Nesta vila propomos degustar un arroz con lumbrigante nalgúns dos restaurantes locais nos que o preparan ou unhas estupendas vieiras ao forno. Bueu foi famoso polos secadoiros e a súa produción e exportación de polbo seco, así que unha boa opción é unha ración de polbo á feira ou, para aqueles que se acheguen a Ons, ao estilo da illa. Para acompañar, un tinta femia do Morrazo é unha boa elección. Quen opte por un bo rodaballo debería seguir o consello de Cunqueiro e regalo cun albariño de Arbo, "un albariño casi espumoso: alegre como una reveirana". En Ermelo, aínda hoxe, se prepara a "sopa de navidade", constituínte prato feito disolvendo onzas de chocolate en viño tinto ata que ferva e se dilúa. Sérvese logo en compañía de pan e azucre. O mesmo se fai en Cela, Beluso ou Ardán. No caso de Beluso a sopa facíase tamén con azucre e mazá.



Que visitar?

Como oferta alternativa e complementaria no concello de Bueu propomos:

- ~ Praias de Lapamán, Porto Maior, Agrelo, Covelo, Petís, Banda do río, Mourisca, Lagos, Tulla, Pescadoira, entre outras
- 1 ~ Ruta de sendeirismo por Cabo Udra
- 2 ~ Ruta "Ermelo berce de Bueu"

- Unha visita á Illa de Ons, que forma parte deste concello e está integrada no Parque Nacional Illas Atlánticas. Pódese ir á illa nalgunha das empresas navieiras que prestan este servizo dende o porto de Bueu.

Interactivo



Organiza a visita

Santa María de Cela
 Coordenadas: 42.326733, -8.752634
 Distancia dende a praia do Santo:
 4.7 Km, tempo: 9 min

Vila de Bueu
 Coordenadas: 42.326304, -8.784975
 Distancia dende a igrexa de Cela:
 4.5 km, tempo: 10 min

Capela dos Reis Magos
 Coordenadas: 42.313630, -8.789279
 Distancia: a 1.2Km da VG-4.6 de Cangas
 a Aldán, tempo: 2 minutos dende a variante

Santiago de Ermelo (igrexa)
 Coordenadas: 42.303265, -8.766072
 Distancia dende Bueu:
 6.7 km, tempo: 11 min

Non se pode entender a cultura do viño nas ribeiras do Morrazo sen coñecer o importante papel que tiveron os mosteiros na organización política e territorial e na expansión dos cultivos da vide en Galicia. Os mosteiros potenciaron a agricultura, a gandería, os oficios, a viticultura, e contribuíron á repoboación do país e á fundación de novas aldeas ao instalarse en zonas despoboadas e afastadas das urbes. O desaparecido mosteiro de Ermelo e do que hoxe tan só se conserva a súa igrexa de Santiago, é un claro exemplo deste dinamismo agrario e social e unha das institucións que fomentou a plantación de vide na comarca. Fundado, posiblemente, no século X polo abade Pedro, pénsase que foi destruído no ano 1104 por un ataque normando, dentro das vagas de ataques viquingos que asolaron Galicia entres os séculos IX e XI.



Ruta dos Viños
 OCEÁNICOS

